

## **BESTEIRO DESTACA O IMPULSO DADO POLOS GOBERNOS SOCIALISTAS Á POLÍTICA INDUSTRIAL E AOS SECTORES ESTRATÉXICOS DA ZONA SUR**

**“Demostramos que se pode facer política industrial dende os concellos e tamén dende a Deputación, sendo incluso máis competitivos, pois fomos quen de competir en prezo das parcelas co que ofertaban outras administracións, como a Xunta”, destacou no transcurso da visita ao polígono de Chantada**

**A instancias do candidato á alcaldía de O Saviñao, trasladou o seu compromiso aos viticultores da Ribeira Sacra, pois, malia ser este un dos piares fundamentais para a economía local, adolece de axudas do Goberno galego que garanta, sobre todo, a súa externalización e o relevo xeracional**

**Gómez Besteiro, acompañado do secretario Provincial, e dos deputados Vicente Docasar e Pérez Herraiz, respaldou así, as candidaturas coas que PSdeG concorre aos comicios nestes dous municipios, e que están lideradas por Raquel López e Celestino Rodríguez, respectivamente**

**Chantada/O Saviñao, 11 de maio de 2015.-** Os secretarios Xeral do PSdeG e Provincial – José Ramón Gómez Besteiro e Juan Carlos González Santín-, acompañados dos deputados autonómico e no Congreso –Vicente Docasar e Margarita Pérez Herraiz- destacaron este luns en sendos encontros con empresarios de Chantada e con representantes do sector vitivinícola de O Saviñao, a importancia de que o Partido Socialista governe nos concellos para continuar mellorando a economía local, pois tal e como subraiaron, “demostramos que se pode facer política industrial dende os concellos e tamén dende a Deputación”. Proba diso, é a ampliación do polígono chantadino, que foi sufragada polo organismo provincial e “coa que cubrimos unha necesidade que tiña Chantada e a comarca”.

“E é que ademais somos máis competitivos. Na Deputación de Lugo fomos quen de competir en prezo co que ofertaban outras administracións, como a Xunta de Galicia, de tal xeito que lle obrigamos incluso a baixar o custe das parcelas”, afirmou. Trátase, engadiu o secretario Xeral, “de permitir a estes autónomos desenvolver a súa actividade industrial e xerar emprego”. “Cumprimos ademais con este concello, saldando unha débeda histórica, que promove o solo industrial barato e conseguindo un bo camiño de iniciativa pública, sendo sostibles, ademais, nas contas e mantendo e aumentando os servizos”, apuntou.

Deste xeito, o líder dos socialistas galegos encabezou a visita realizada ao polígono industrial chantadino; unha infraestrutura que hoxe é unha realidade grazas ao esforzo realizado durante a época na que este concello estivo gobernado polo PSOE; cuestión que demostra, engadiu Besteiro, “que os socialistas sabemos xestionar ben, e iso nótase con actuacións coma esta”.

Deste xeito, coa visita realizada polo máximo dirixente do PSdeG, os socialistas respaldaron a candidatura que encabeza Raquel López Rodríguez, e que xa foi presentada por Gómez Besteiro no mes de abril, e que combina renovación, coa experiencia da xente que demostrou facelo ben cando tivo responsabilidades de goberno.



### **Apoio aos sectores estratéxicos**

Logo do encontro en Chantada, os socialistas, a instancias do candidato á alcaldía de O Saviñao –Celestino Rodríguez Pombo- tamén trasladaron o seu compromiso aos viticultores da Ribeira Sacra, pois, malia ser este un sector estratéxico para a economía local, adolece de axudas do Executivo galego que garantan, sobre todo, a súa externalización e o relevo xeracional.

Gómez Besteiro e a comitiva, acompañados do alcaldable e de varios integrantes da candidatura que lidera Rodríguez Pombo, ademais de comprobar *in situ* como é o traballo destes profesionais na destilería da Abadía da Cova e na adega Virxe dos Remedios -esta última situada en Diamondi-, atenderon e respaldaron as principais demandas do sector, ao tempo que lles explicaron o traballo que o Partido Socialista vén facendo dende eido.

Concretamente, no Parlamento de Galicia, a través das iniciativas presentadas polo deputado autonómico –Vicente Docasar-, o Grupo do PSdeG pediu ao Goberno galego o desenvolvemento dun plan de actuación específico para esta zona. En primeiro instancia, a potenciación da venda do viño da D.O Ribeira Sacra “fóra das nosas fronteiras”, pois, segundo datos oficiais, co 1,4%, é a Denominación galega que menos volume de facturación acadou no estranxeiro na pasada campaña. No primeiro lugar, situouse a D.O Rías Baixas (30%), seguida da de Monterrei (12,1%), Valdeorras (9,7%) e o Ribeiro (7,7%).

É é que ás dificultades que teñen os produtores e adegueiros para colocar no mercado exterior a produción excedente, hai que engadir que nesta zona se practica unha viticultura “heroica de montaña”, pois o traballo se realiza sobre un territorio con pendentes superiores ao 70 e 80%, o que impide o uso de máquinas; dúas cuestións que lastran a rendibilidade económica desta actividade agrícola. É por este motivo, polo que a petición dos socialistas tamén incluíu solicitar ao Executivo autonómico que impulse medidas que aseguren esta práctica co paso do tempo.

### **2.800 viticultores**

En Galicia hai preto de 20.000 viticultores, dos que 2.800 pertencen á Ribeira Sacra; máis de 6.600 á D.O Rías Baixas, e máis de 5.900 á do Ribeiro. Traballan máis de 12.000 hectáreas e o volume de facturación ronda os 150 millóns de euros. Só nesta zona se recollen máis de 6 millóns de quilos de uva ao ano. Así mesmo, esta Denominación, dá lugar, ademais, á formación dunha gran comarca, que é a máis grande da Comunidade, pois, por un lado, vai dende Portomarín ata a Peroxa (municipio de Ourense) e, polo outro, dende Negreira de Ramuín (Ourense) ata Quiroga.

### **Oficina en Belesar**

Así mesmo, e en resposta ás peticións dos viticultores, os socialistas tamén destacaron que, entre as peticións formuladas á administración autonómica, tamén se incluía a creación en Belesar dunha oficina de turismo, que dea a coñecer o sector e a zona a todas aquelas persoas que a visiten, pois trátase dunha vella demanda dos produtores, pero que nunca foi escoitada nin polos alcaldes do PP, nin polo Goberno de Feijóo.

### **Candidatura Saviñao**

Celestino Rodríguez encabeza así, unha candidatura formada por 16 integrantes, dos que 11 son titulares e 4 suplentes. A lista ao completo, e cuxa renovación supera o 60%, é a

seguinte:

- 1.- Celestino Rodríguez Pombo
- 2.- Marina Mosquera Rodríguez
- 3.- Sheila García Rodríguez
- 4.- José Jaime Díaz Novelle
- 5.- José Antonio Quiroga Díaz
- 6.- María Begoña García Gómez
- 7.- Marcos Fernández Carral
- 8.- Manuel Quiroga Vázquez
- 9.- Santiago Martínez Villalda
- 10.- Luisa Méndez Rodríguez
- 11.- Mabel Pérez Fernández

Suplentes:

- 1.- Jorge González Leiro
- 2.- Iván Rodríguez López
- 3.- Belén Fernández Rois
- 4.- José Luis Losada Pérez
- 5.- Cristina Vázquez Domínguez

